



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVICIO DE PATRIMONIO Y CONTRATACIÓN

Número 89 /2016

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.-

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de agosto de 2016** e terá efectos retroactivos, polo que as adquisicións poderán terse feitas dende o **1 de novembro de 2015**.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes, o convenio poderá ser obxecto de modificación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.-

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o 27 de maio de 2016

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.
A DEPUTADA DE BENESTAR SOCIAL, EDUCACION E
POLITICAS DE IGUALDADE

Asdo.: Ánxela Franco Pouso

O PRESIDENTE DE ASPROMOR

Asdo.: Fernando Nieto Cortijo

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN PRO-MINUSVÁLIDOS DO ORTEGAL (ASPROMOR) PARA O FINANCIAMENTO DE EQUIPAMENTO PARA RESIDENCIAS, CENTRO DE DÍA E ESPAZOS COMÚNS.

En Ortigueira o 2 de xuño de 2016

REUNIDOS

Dña. Ánxela Franco Pouso, Deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, en virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área

D. Fernando Nieto Cortijo, presidente de ASPROMOR (Asociación pro-minusválidos del Ortegal)

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente da Deputación e da Asociación Pro-Minusválidos do Ortegal en colaborar coas actividades desta, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.-

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Pro-Minusválidos do Ortegal (NIF: G15072077), para financiar os gastos do equipamento para residencias, centro de día e espazos comúns.

II.- Orzamento de gastos da adquisición.-

O orzamento do equipamento subvencionado, que se achega desagregado pola entidade en data 25/11/2015 e que consta no expediente de solicitude de formalización deste convenio, é o seguinte:

Concepto	Prezo
Equipamento da Residencia de Adultos e Servizos Comúns	62.473,66 €
Equipamento da Residencia Gravemente Afectados	33.267,43 €
Equipamento Almacén-despensa, cociña e lavandería	38.590,35 €
IVA 21% (base:134.331,44€)	28.209,60 €
Total	162.541,04 €

De dito orzamento total de 162.541,04€ serán subvencionables 159.155,89€ xa que a entidade só soporta o 88% do IVE.

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.-

1.- A Deputación da Coruña contribuirá a financiar a adquisición do equipamento, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **39.155,89€** o que representa unha porcentaxe do **24,602%** do orzamento de gastos.

No caso de que o gasto xustificadonon acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe equivalente á cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/231.21/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

IV.- Contratación e execución.-

Na súa condición de adquirente, corresponde á Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal (ASPROMOR) o outorgamento dos contratos de compravenda.

Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

V.- Publicidade do financiamento provincial.-

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.-

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición dos bens ou equipamentos, expedida polo órgano competente.
- Copia do contrato formalizado, do albarán de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que esta foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación de conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a adquisición e prazo de xustificación.-

1.- A adquisición do equipamento obxecto de financiamento provincial realizarase entre o **1 de novembro de 2015 e o 31 maio de 2016.**

2.- Unha vez realizada a adquisición, a Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta **antes do 30 de xuño de 2016.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal na documentación achegada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.-

1.- A Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.- A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida e autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.-

1.- A Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 € nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.-

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal poderá ser escollida pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de auxizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.-

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na dita Base, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10% do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20% da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4.- E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10% do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 € Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20% da subvención outorgada co límite de 400,00 €; e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30% do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.-

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Pro-Minusválidos del Ortegal serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.